

## INFORMACIÓN RELATIVA Á LEI 25/2013 DE IMPULSO DA FACTURA ELECTRÓNICA E CREACIÓN DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS NO SECTOR PÚBLICO.

I.-A lei 25/2013 do 27 de decembro, ten como obxecto impulsar o uso da factura electrónica, crear o rexistro contable de facturas, regular o procedemento para a súa tramitación nas Administracións públicas e as actuacións de seguimento polos órganos competentes. O previsto nesta Lei será de aplicación ás facturas emitidas no marco das relacións xurídicas entre provedores de bens e servizos e as Administracións Públicas.

II.-De acordo co artigo 4, uso da factura electrónica no sector público, *“Todos os provedores que entregasen bens ou prestado servizos á Administración Pública poderán expedir e remitir factura electrónica. En todo caso, estarán obrigadas ao uso da factura electrónica e á súa presentación a través do punto xeral de entrada que corresponda ás entidades seguintes:*

- a) Sociedades anónimas;*
- b) Sociedades de responsabilidade limitada;*
- c) Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española;*
- d) Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria;*
- e) Unións temporais de empresas;*
- f) Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.”*

Por iso **TODAS** as facturas emitidas por bens ou servizos entregados ou realizados para a Universidade de Vigo terán a obrigaón de expedirse en formato de factura electrónica.

III.- De acordo co Artigo 6. Punto xeral de entrada de facturas electrónicas: *“O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, disporán dun punto xeral de entrada de facturas electrónicas a través do cal se recibirán todas as facturas electrónicas que correspondan a entidades, entes e organismos vinculados ou dependentes...”*

Por iso **TODAS** as facturas emitidas en formato de factura electrónica deberán presentarse a través do punto xeral único de entrada da Xunta de Galicia, que poderá consultarse na seguinte ligazón:

[https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura\\_web/](https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/)

IV.-Para a correcta emisión da factura en formato electrónico é preciso indicar os datos ou códigos de:

- Oficina Contable.
- Unidade Tramitadora
- Órgano Xestor

Como a Universidade de Vigo ten asignadas diferentes Unidades Tramitadoras e Órganos xestores, os devanditos datos ou códigos serán fornecidos en cada caso. Para iso, a partir do ano 2015, a Universidade de Vigo **emitirá un pedido previo á factura** no que se indiquen os **datos de Oficina Contable, Unidade Tramitadora, Órgano Xestor e un número de pedido**, datos sen os cales non se poderá recibir nin tramitar ningunha factura.

É por iso, que antes de entregar un ben ou prestar un servizo deberán obrigatoriamente solicitar á persoa que encargue o gasto, un pedido cos datos necesarios para a emisión da factura electrónica.

Este **número de pedido deberá aparecer reflectido na factura** para a identificación da mesma e axilizar a súa posterior tramitación.

En Vigo, 15 de xaneiro de 2015  
O Xerente



Asdo.: Manuel Fernández Jauregui